

NEGOCIACIÓN COLECTIVA

Aprobada a Plataforma do Convenio Colectivo polo Comité Intercentros. O día 21 celebrouse a primeira reunión da Comisión Negociadora onde os membros da mesma, tanto RR.TT. como empresa expuxeron as súas pretensións.

A CIG manifesta a súa disposición a apoiar todas as accións encamiñadas a conquistar melloras nas condicións do cadro de persoal.

Non obstante, á vista da plataforma aprobada no Comité Intercentros, consideramos que esta é moi pouco ambiciosa dadas as condicións favorábeis e a boa marcha e os beneficios da empresa. Non resulta estraño dado que non se elaborou nun proceso asembleario para contar coa opinión de todos os traballadores.

Tamén temos que destacar que existen aspectos desta plataforma que inciden outra vez en prolongar a situación de negociación Permanente, tan negativa para os intereses dos traballadores, tanto peor con vixencia moi prolongada.

Outros aspectos mellorables son:

- Consideramos moi negativo que se desde a Plataforma dos traballadores se acepte a realización de funcións de outras categorías, mentres non se determine “o establecemento de un novo sistema de clasificación profesional”
- Outro aspecto negativo é aceptar a filosofía de actividades e unidades estratéxicas ou de futuro, que a empresa define e modifica cando quere sen contar coa representación dos traballadores, que serven a empresa para xustificar procesos de reestruturación, de externalización e de traslados forzosos.
- A Plataforma asume a constante destrución de emprego levada a cabo pola empresa nos últimos anos. Por iso botamos en falta unha aposta máis decidida por reivindicar a creación de emprego para dotar a todas as provincias do persoal necesario en todos os departamentos.
- Os numerosos problemas que viven os comerciais teñen a súa orixe no actual modelo. Non se cuestiona para nada este modelo e as reivindicacións que se fan non van a solucionar esa problemática.
- Tampouco a reivindicación salarial é coherente coa realidade económica da empresa nin satisfai a lexítima aspiración dos traballadores de recuperar o poder adquisitivo perdido.

A mellor maneira de encarar unha Negociación Colectiva con resultado positivo para os traballadores é contar coa participación e a implicación de todo o cadro de persoal.

Santiago, 4 de marzo de 2008
